

Expediente: 2019/8344C  
Destinatario: GRUPO PROVINCIAL POPULAR  
Dirección: CL PROGRESO, 64  
32003 OURENSE  
OURENSE  
Núm. notificación: DP/00000004/0002/000006317

## NOTIFICACIÓN

*Poño no seu coñecemento que, na data que se indica, a Presidencia desta Deputación Provincial resolveu o seguinte:*

Con data 16 de xullo de 2019, don Plácido Álvarez Dobaño portavoz do Grupo Popular, solicitou o nomeamento como persoal eventual ao servizo do seu Grupo de don Gabriel Alén Castro (coordinador do Grupo Popular) don Ruben Quintas Rodríguez: (asesor político do Grupo Popular) don Francisco Fernández Padín (asesor político do Grupo Popular) don José Alberto Carnero Fernández (administrativo do Grupo Popular) dona María Jesús Ramos García (administrativa do Grupo Popular) e dona María Jesús Mosteiro Rodríguez (administrativa do Grupo Popular).

De conformidade co establecido nos artigos 104 e 104 bis la Lei de bases do réxime local, así como na base 67ª das de execución do orzamento provincial e na Relación de Postos de Traballo da Deputación, conforme á redacción dada por acordos do Pleno de 16 de xullo de 2019 con efectos de 17 de xullo de 2019, procede realizar o nomeamento solicitado.

Polo exposto, DISPOÑO:

Nomear ás persoas e para os postos que se indican como persoal eventual ao servizo do Grupo Popular, con efectos do día da data.

Don Gabriel Alén Castro: coordinador do Grupo Popular

Don Ruben Quintas Rodríguez: asesor político do Grupo Popular

Don Francisco Fernández Padín: asesor político do Grupo Popular

Don José Alberto Carnero Fernández: administrativo do Grupo Popular

Dona María Jesús Ramos García: administrativa do Grupo Popular

Dona María Jesús Mosteiro Rodríguez: administrativa do Grupo Popular.

O presente nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación aos interesados.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Notifícolle isto, facéndolle saber que contra o dito acto poderá interpoñer un recurso de reposición, previo ao contencioso – administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 de la Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.